



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria

Curso Académico: Curso 2019-2020

- Datos da universidade e do título obxecto do seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - AM-1
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
 - Finalizadas Curso 2019-2020
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 5 - Recursos materiais
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Fiscalidade Internacional e Comunitaria
Mencións/Especialidades	
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Dereito
Centro/s onde se imparte	Facultade de Dereito
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	
Modalidade de impartición	<i>On line</i>
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	29/07/2009
Data renovación acreditación	08/07/2015

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se recolle na Memoria do Título a globalización e o incremento dos intercambios económicos internacionais fan necesario un perfil profesional como o de experto en fiscalidade internacional que vaia máis aló do avogado xeneralista, asesor fiscal ou economista especializado en Dereito Tributario puramente interno, capaz de dar resposta a cuestións cada vez máis frecuentes na práctica como as de cómo ou ónde deben tributar as rendas que obtemos de maneira puntual ou regular fora do territorio español (soldos, pensións de xubilación, etc) ou que forma xurídica (axencias, sucursais, filiais, etc) convén adoptar a unha entidade española que queira establecerse ou desenvolver a súa actividade fóra de España.

Resulta, por iso, unha titulación moi atractiva non só para aqueles recentemente graduados que desexen adquirir un perfil profesional altamente cualificado, senón tamén para aqueles profesionais e funcionarios da Administración que desexen actualizarse ou completar a súa formación nun ámbito en auge. En efecto, a importancia da fiscalidade Internacional incrementouse por mor da crise económica 2007-2008, xurdindo novas accións a nivel nacional, internacional ou supranacional (axencias tributarias, OCDE, G20 ou UE) tendentes a evitar a erosión de bases impositivas e a loitar contra a evasión fiscal que provocan as sofisticadas estruturas fiscais das que se valen as empresas para reducir de maneira pouco ética o Imposto de Sociedades que soportan. Neste sentido, as consecuencias do Brexit a nivel fiscal ou a crise de ingresos fiscais que está a xerar a paralización da economía a raíz da pandemia do COVID, que irán acompañadas dunha subida xeneralizada de impostos a nivel mundial, fará que as empresas e grandes patrimonios tenten deslocalizar bases impositivas a través de novas e complexas estruturas creadas para reducir ao máximo a súa carga tributaria.

Este panorama fai do especialista en fiscalidade internacional un perfil cada vez máis demandado tanto polas grandes empresas como polas grandes consultorías e intermediarios fiscais, obrigados a moverse nun novo escenario cada vez máis restritivo coas posibles estruturas admitidas, con inspeccións máis frecuentes e con sancións máis severas para os casos en que o deseño destas estruturas poida considerarse abusivo ou agresivo.

O coñecemento destas novas regras de xogo e marco de actuación resultará fundamental para as empresas europeas a partir do ano 2021, dada a recente trasposición da Directiva 2018/822 do Consello do 25 de maio de 2018 (DAC 6), que obriga aos intermediarios fiscais que deseñen e promovan esquemas transfronteirizos de planificación fiscal agresiva para os seus clientes a informar á Administración tributaria sobre os mesmos.

Todos estes cambios de orde teórica e práctica que se operaron a nivel internacional son abordados en distintas materias do título que se avalía (concretamente nas materias “O principio de non discriminación fiscal e as liberdades comunitarias de circulación I”, “O principio de non discriminación fiscal e as liberdades comunitarias de circulación II” e “Harmonización fiscal comunitaria: fiscalidade directa”; así como nos “Seminarios” sobre temas de actualidade fiscal internacional), posibilitando que os nosos egresados adquiren as competencias necesarias para enfrontarse con solvencia a estas novas esixencias e responsabilidades.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.

- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria. Neste sentido, o detalle das materias impartidas no Máster recóllese na [información pública da USC](https://www.usc.gal/es/centros/dereito/titulacions.html?plan=12916&estudio=12917&codEstudio=12547&valor=9) (<https://www.usc.gal/es/centros/dereito/titulacions.html?plan=12916&estudio=12917&codEstudio=12547&valor=9>) sen que sufrise variacións desde a súa verificación.

Agora ben, o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación experimentou un cambio substancial a partir da modificación do título aprobada por Resolución do Reitorado da USC do 26 de setembro de 2017, á vista do informe favorable á modificación emitido pola ACSUG do 1 de abril de 2016, que cambia a modalidade de impartición de presencial a en liña.

Esta modificación implementouse no curso 2017/2018º que obrigou a adaptar o desenvolvemento das materias e a metodoloxía á súa nova contorna virtual, obrigando aos docentes para realizar un maior esforzo en orde á elaboración de materiais docentes para a súa posta ao dispor dos alumnos; así como a formarse no manexo da plataforma virtual e nas técnicas e métodos de formación a distancia. Para garantir a adecuada adaptación do persoal a esta nova modalidade de ensino o coordinador solicitou a colaboración do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC a organización e impartición dende o ano 2017 dos correspondente cursos de formación docente. Tales cursos, como o de “ Xestión e Uso didáctico do Campus Virtual para a formación en liña (iniciación)”, a “Plataforma eHabilis. Nivel 2” e “ Introducción á plataforma eHabilis”, foron publicitados coa debida antelación e cursados pola totalidade dos docentes implicados.

O sistema de avaliación e cualificación permite a consecución das competencias necesarias para a obtención do título, aínda que dende a avaliación ten lugar a través da combinación dos distintos ítems desenvolvidos polo alumno no campus virtual (test e casos prácticos de avaliación, que supoñerán un 15% da nota final cada un; a participación no debate, que implicará outro 20% da nota final; e a elaboración dun traballo de avaliación, cuxa valoración supoñerá o 50% da nota final, do cal o 30% corresponderase co manexo das fontes e valoración dos aspectos formais e o 70% cos contidos desenvolvidos polo alumno).

O tamaño dos grupos, de acordo coa nova modalidade de docencia e o límite de 25 prazas de novo ingreso previsto na Memoria do Título (aínda que cada ano ofértanse 20), non interfere nin condiciona o desenvolvemento das actividades formativas.

O campus virtual e os diversos recursos electrónicos cos que conta a USC para o desenvolvemento da docencia nunha contorna virtual (microsoft Teams, Zoom, Skype, etc) permite realizar tanto videoconferencias en tempo real cos alumnos, como actividades de avaliación ou prácticas en grupo; aínda que o distinto uso horario dos países nos que residen algún dos nosos alumnos fai ás veces conveniente o recurso a grupos reducidos para titorías ou a grabación de videos que se deixan ao dispor dos alumnos na plataforma virtual.

Non existe nin se prevé a necesidade de realizar un curso de adaptación en función da titulación de acceso dos estudantes (rama económica ou rama xurídica) para a adquisición de competencias e coñecementos complementarios para a realización do Máster, pois no seu plan de estudos recóllense ademais de materias tendentes a compensar posibles carencias na formación en función dos estudos de acceso como un conxunto de materias optativas que o alumno pode escoller para complementar esta formación.

A mobilidade dos/ as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través da Oficina de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa). Toda a información relativa aos programas de mobilidade atópase ao dispor dos alumnos na seguinte ligazón <http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/mobilidade/index.html>

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Ata a data nin docentes nin alumnos puxeron de manifesto ao coordinador do Máster ningunha incidencia neste sentido. A debida coordinación entre materias e contidos para evitar duplicidades e baleiros foi tida en conta no deseño do plan de estudos contido na Memoria do título. Ademais, cada ano apróbanse os programas das materias e o seu contido é público a través da web do centro na seguinte ligazón <https://www.usc.gal/es/centros/dereito/titulacions.html?plan=12916&estudio=12917&codEstudio=12547&valor=9>.

Naquelas materias asignadas a varios profesores da propia USC pertencentes á mesma área de coñecemento son estes quen se coordinan entre si para o desenvolvemento do programa, como ocorre no caso de materias como Facenda Publica da UE ou Economía Pública Internacional.

Pola súa banda, naqueloutras materias como “Harmonización fiscal: fiscalidade indirecta” a cargo de profesores de área externa ou a materia “Seminarios”, na que se abordan temas de actualidade por parte de profesionais externos á USC, o posible solapamento evítase a través da coordinación entre os participantes que realiza o Coordinador do título.

Tampouco chegaron a coñecemento da Comisión Académica, que entre outras funcións, ocúpase do seguimento das incidencias na docencia que poñan no seu coñecemento profesores e representantes de alumnos, ningún tipo de queixa sobre a docencia impartida ou recibida, solapamentos ou baleiro de ningunha clase.

Finalmente, para garantir que este tipo de situacións puidesen ser detectadas para ser resoltas ou evitar que se produzan, no campus virtual inclúese unha ferramenta (a “Aula de coordinación”) na que se inscribe á totalidade dos docentes e os alumnos na que permanentemente se publicita e actualiza toda a información relativa ás normas de elaboración dos Traballos Fin de Máster, a asignación de alumnos aos titores, o calendario de impartición das materias, etc; e que conta cun foro e unha caixa de correo onde se pode deixar constancia (tanto por profesores como por alumnos) de calquera problema detectado que puidese afectar o desenvolvemento do plan de estudos. Tampouco existe constancia de ningún tipo de problema posto en coñecemento do coordinador por esta vía.

En canto á coordinación entre as modalidades presencial e a distancia debe resaltarse que o curso 2015/2016 foi o último que se desenvolveu baixo a modalidade presencial, pasándose no curso 2017/2018 á modalidade exclusivamente virtual. Por esta razón non é necesaria actuación de coordinación algunha entre ambas as modalidades que garanta que os estudantes poidan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Finalmente, ó non existir prácticas externas, tampouco son necesarias actuacións ou mecanismos de coordinación que permitan aos estudantes acadar competencias asociadas a estas prácticas.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

O Máster limita as titulacións que dan acceso ao mesmo a aquelas que garanten que o alumno posúe os coñecementos e competencias básicos relacionados co ámbito tributario. Así, actualmente, para acceder á titulación esíxese estar en posesión dalgunha das seguintes: licenciatura ou grao en Dereito, licenciatura ou grao en Administración e Dirección de Empresas, licenciatura ou grao en Economía, grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Con carácter subsidiario, para o caso de que quedasen vacantes, admítense alumnos procedentes doutros graos na rama de Ciencias Sociais ou Humanidades.

O perfil real do estudante matriculado nestes últimos anos componse maioritariamente por licenciados ou graduados en Dereito, Administración e Dirección de Empresas e Economía, o cal é plenamente coherente co perfil de ingreso establecido na memoria verificada. En concreto, no curso 2019/2020, os perfís de acceso dos 18 matriculados de novo ingreso achábanse repartidos entre licenciados ou graduados en Dereito (44,4%), Economía (11,1%), ADE (27,7%), Relacións Laborais (11,1%) e Títulos estranxeiros (38,8%); sendo o 66,66% titulados da propia USC.

Dende o cambio á modalidade en liña apréciase unha melloría notable en canto á captación de alumnos. Así, no curso académico 2017/2018, o número de matriculados de novo ingreso ascendeu a 15, no 2018/2019 a 18 matriculados, e no ano 2019/2020 a 18 (dun total de 20

matriculados inicialmente, aínda que acabaron renunciando á súa matrícula no período de modificación ou renuncia 2), o que acredita a tendencia á alza na captación de novos estudantes do título dende a súa conversión en *on line*.

Non se considerou necesario introducir complementos de formación específicos porque no deseño do máster configurouse unha listaxe de materias optativas que permite aos alumnos procedentes das diversas titulacións adaptar o seu perfil ao necesario para desenvolver o máster.

Neste sentido, hai dúas materias que son especialmente adecuadas para aqueles alumnos que non teñen perfil xurídico e que ofrecen ao alumno formación esencial no ámbito da Teoría do Dereito (“Técnicas de investigación e argumentación xurídica”) e no Dereito Internacional Público e da Unión Europea (“Institucións, Dereito e principios xurídicos da Unión Europea”). Na información previa aos alumnos recoméndase que os que non teñan formación xurídica elixan como mínimo esas dúas materias, sen prexuízo de que ao ter carácter optativo poidan cursar máis créditos da devandita categoría.

De igual modo, aos alumnos con formación xurídica recoméndaselles cursar as outras materias optativas, por canto ofrecen unha formación máis específica que non se oferta na titulación de grao (“Procedementos ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas”) ou que complementen a visión económica que poidan ter das materias propias do Máster (“Facenda Pública da Unión Europea”).

Dado que na experiencia acumulada amosouse como suficiente dita oferta, non pareceu nin parece oportuno incluír complementos formativos que, ademais, poderían ser un obstáculo na impartición virtual da titulación e mesmo na captación de alumnos.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aplícase a normativa de permanencia aprobada polo Consello Social da USC para os estudos oficiais de grao e máster na súa sesión do 5 de xuño de 2012. Esta normativa recolle aspectos fundamentais da vida académica como son: os tipos de matrícula (a tempo completo e tempo parcial), o réxime de permanencia (os requisitos de aproveitamento esixibles para a continuidade dos estudantes na Universidade), o réxime de convocatorias, a regulación do progreso académico (nº máximo de créditos que poden matricularse, deber de matricular materias suspensas de cursos anteriores, requisitos para a inscrición e superación dos traballos fin de grao e máster). Pódese consultar a normativa completa nesta ligazón: <https://www.usc.gal/es/servizos/oiu/Permanencia.html>

A súa incidencia nos resultados do Máster non é significativa pois no curso 2019/2020 dos 18 matriculados 13 son de novo ingreso.

Ao Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria resúltalle ademais de aplicación a “Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior” da USC, de cuxa aplicación son responsables os Servizos competentes (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e Servizo de Xestión Académica); dispoñible a través da seguinte ligazón:
http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html#transferencia .

Con todo, ningún alumno solicitou recoñecemento algún de créditos no Máster, polo que non procede valorar a incidencia desta normativa neste título.

A USC conta tamén cunha normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster aprobada polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, que foi adaptada á titulación obxecto de avaliación por acordo da Comisión Académica o 20 de xullo de 2017, ao obxecto de adecuar a normativa xeral ás esixencias da modalidade virtual de docencia.

Os Traballos Fin de Máster defendidos e superados no curso 2019/2020 foron un total de 9, o que supón un notable incremento neste indicador, fronte aos 3 do curso 2018/2019. O reducido número de TFMs presentados e defendidos débese as dificultades que atopan os alumnos ao ter que realizar un primeiro traballo de investigación de 24 créditos acorde ó carácter de Máster de investigación que posúe o título, concebido como un primeiro paso na carreira académica previo á matriculación na etapa de doutoramento.

Compre neste apartado reforzalas vías de comunicación entre titores e alumnos, para que se faga un maior seguimento dos tutelados. Neste sentido, para corrixir esta eiva, dende o curso 2018/2019 adiantouse a asignación dos tutores de TFM a finais do mes de outubro/principios de novembro.

O Máster non prevé a realización de prácticas externas, aínda que no curso académico 2018/2019, que non é obxecto de avaliación, unha alumna (García Coego, María Montserrat) solicitou a realización de prácticas extracurriculares no Consello Social subscribíndose o oportuno acordo con esta institución.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, para estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese a través dos seguintes enlaces:

<https://www.usc.es/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudio=17135&codEstudio=16445&valor=9>

<https://www.usc.es/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-fiscalidade-internacional>

A iso habería que engadir a información que se proporciona aos alumnos matriculados a través do propio campus virtual.

Toda a información fornecida por estas vías resulta totalmente accesible e atópase actualizada ofrecendo unha imaxe fiel do contido do título a futuros estudantes.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun sistema de garantía de calidade formalmente establecido e implantado que asegura, de maneira eficaz, a mellora continua da titulación.

SGIC marco da USC busca propiciar a mellora continua nos centros, permitindo conseguir niveis de calidade que faciliten a acreditación e a renovación dos títulos impartidos, de acordo co establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010, abrindo o camiño para a acreditación institucional dos centros de conformidade co establecido no RD 420/2015.

Na actualidade o SGIC marco está deseñado segundo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG. A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha simplificación documental. Posteriormente, a Comisión de Calidade e Planificación aprobou o 3 de outubro de 2014 unha modificación dos indicadores e informes dispoñibles dentro do SGC. Tamén no 2018 aprobouse unha modificación que entrou en vigor en febreiro de 2019, e que afectou os SGICs dos centros.

A Comisión de Docencia e Calidade do centro, na súa sesión do 11 de marzo de 2019 ten aprobada a creación do Grupo de traballo encargado de adaptar a normativa do centro as esixencias derivadas deste cambio a nivel institucional. Polo que se refire á Facultade de Dereito, no ano 2015 (23 de marzo) aprobouse a versión 2.0 do Manual simplificado do SGIC da Facultade de Dereito. Posteriormente, este documento foi modificado e aprobado pola Xunta da Facultade de Dereito o 29 de marzo de 2016 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da USC o 13 de abril de 2016. A última actualización (Manual do SGC da Facultade de Dereito e simplificación documental: supresión de procesos e procedementos obsoletos, particularización de procesos ás características do Centro) foi aprobada pola Xunta da Facultade o 23/07/2019 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 19/12/2019 (estes documentos están dispoñibles na páxina web da Facultade (<https://www.usc.es/gl/centros/dereito/sgic.html>)).

Anualmente, elabórase e apróbase a Memoria de Calidade do Centro, na que se recollen informacións sobre o seguimento do SGIC do Centro así como as accións de mellora asumidas a nivel de Facultade (dispoñibles no mesmo ligazón). Compre destacar que no curso 2017/2018 aprobouse o noso primeiro Plan estratéxico para a Facultade (2017/2020). A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa reunión do 19 de xaneiro de 2017, tralo acordo da Comisión de Docencia e Calidade do Centro. Para realización do diagnóstico estratéxico, e no marco da política de difusión do Plan, formuláronse dúas consultas previas, tanto ao Comité consultivo do Grao en Dereito como a Comisión académica do Programa de Doutoramento en Dereito.

A proposta inicial do Plan foi aprobada polo Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico o 14 de setembro de 2017. Entre o 14 de setembro e o 2 de outubro de 2017 fíxose a exposición pública, incluíndo comunicacións específicas aos grupos de interese do Centro: estudantes, profesores, PAS, egresados, comité consultivo do Grao en

Dereito e empregadores (tanto do sector público como privado). Finalizado o prazo para formular alegacións, o Grupo de traballo para a elaboración do Plan estratéxico, na súa reunión do 9 de outubro de 2017 valorou a alegación recibida e aprobou a versión definitiva do documento remitido á Comisión de Docencia e Calidade da Facultade. Dita redacción foi aprobada pola Comisión de Docencia e Calidade na súa reunión do 10 de outubro de 2017. As liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plan Estratéxico da USC 2011/2020. Os obxectivos estratéxicos recolleitos no epígrafe V. Identificación das liñas estratéxicas da Facultade de Dereito, serán obxecto de concreción na Programación Plurianual, e completaranse cos indicadores que permitan a medición da súa consecución.

O Plan foi informado positivamente pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC o 15 de outubro de 2017 e pola Xunta de Facultade de Dereito o 30 de novembro de 2017. A aprobación final tivo lugar pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno o 12 de decembro de 2017. A súa aprobación constitúe un fito que mostra unha vez máis o compromiso e a aposta decididos que se fai dende o centro pola calidade dende finais do ano 2015.

Á marxe das melloras que se poidan acometer no futuro, os procedementos establecidos na actualidade permiten recoller a información de xeito continuado, a análise dos seus resultados e a súa utilización para a mellora da calidade do título de Grao en Dereito (extensibles ao Dobre itinerario con Relacións Laborais e Recursos Humanos).

Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado, desenvolvéronse de acordo ao establecido, destacándose unha vez máis o impacto positivo que está a ter na calidade do ensino o sistema de coordinación establecido en tempos recentes, xa recollido en epígrafes anteriores. Agora ben, no tocante aos procedementos de avaliación, merece unha reflexión individualizada a porcentaxe de participación dos estudantes nas enquisas arbitradas para avaliar o correcto funcionamento do título. Así, como ven sendo habitual na titulación, o grao de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida é moi alto, situándose nun 4.39 sobre 5 no curso 2019/2020. De igual maneira o grao de satisfacción do persoal docente coa docencia impartida sitúase nun 4.40. Con tales indicadores non se considera necesario introducir melloras no plano de estudos.

No 2018/2019, primeiro e último curso no que dispoñemos de datos neste apartado, o grao de satisfacción dos egresados cos servizos dispoñibles é dun 2,21 sobre 5; apartado no que compre mellorar aínda que as accións que se propoñan, por tratarse de servizos que non dependen directamente do título, deben realizarse dende o Centro.

Hai que matizar, con todo, que a participación nas enquisas de satisfacción é tamén un aspecto para mellorar, pois no caso dos alumnos sitúase no 11,76%; porcentaxe moi baixa (aínda que superior ao 5% do curso 2018/2019) a pesar da difusión que das enquisas se fai entre os matriculados. Convén, por tanto, seguir apostando pola máxima difusión entre os seus destinatarios das enquisas e da súa importancia para fomentar a participación de ambos os colectivos nas enquisas de satisfacción coa titulación.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Dereito renovou a súa acreditación no ano 2016. De acordo co Informe Final de Avaliación para la Renovación de la Acreditación, do 29 de xuño de 2016, era preciso implementar unha serie de accións de mellora de obrigado cumprimento no ámbito do Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade (AM-04) que se sumaban a entón AM 4 do Informe de renovación da acreditación e da AM 6 da Memoria de Calidade do Centro. A pesar da que o establecemento dun sistema de enquisas presenciais que mellorase o grao de participación dos grupos de interese non foi posible, o certo é que todos os mecanismos arbitrados (análises das datas máis idóneas para a realización das enquisas no marco dos períodos establecidos pola ACMP, a difusión das datas a través das redes sociais, nas aulas – cedendo tempo para a súa realización- e xornada de presentación aos estudantes de novo ingreso – para sensibilizalos coa cultura de calidade do centro-, na pantalla do centro, etc), están a dar os seus froitos. Neste sentido tense producido unha subida histórica na porcentaxe de participación na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, conseguíndose a 35.79% fronte ao 25.53% do curso 2016/17. Este dato foi valorado moi positivamente pola Comisión de Docencia e Calidade do

Centro, debido a que supón o cumprimento dunha das accións de mellora máis necesarias na titulación. As demais accións de obrigado cumprimento enmarcábanse no Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Tal e como se recolle no apartado relativo ás accións de mellora, a AM-01 tense executado eficazmente (sendo unha AM continuada), debido a que en cada curso están a revisarse as guías docentes para verificar o seu axuste á memoria verificada. Lémbrese agora que no pasado informe de seguimento incorporáronse modificacións menores relativas a este aspecto, de maneira tal que unha serie de materias optaron por modificar as porcentaxes dos sistemas de avaliación tralos anos de implantación do título. Dando cumprimento a AM-02, cada curso académico desígnanse coordinadores de curso por cada semestre, encargados de convocar dúas reunións cos docentes do curso que coordinan, emitíndose informes destinados a debater e analizar os posibles incidentes (tales informes son elevados tamén á Comisión de Docencia e Calidade). Finalmente, a AM-03, relativa á inclusión do axuste das prazas ofertadas e as contidas na memoria verificada continúa a executar. De feito, a Xunta da Facultade de Dereito aprobou as 240 prazas de novo ingreso que figuran na Memoria verificada para o próximo curso académico 2019/2020. Con todo, o Consello de Goberno da USC rexeitou esta adecuación do número de prazas realmente ofertadas ás previstas na Memoria verificada, o que esixirá un novo debate do centro acerca da conveniencia de continuar a loitar por conseguir aumentar o número de prazas ou modificar a Memoria verificada neste sentido. A opción pola que aposta o centro continúa a ser a primeira, debido a que somos a primeira titulación en estudos xurídicos no SUG e queremos continuar a selo. Polo que se refire ás accións de mellora para dar resposta ás recomendacións, todas elas foron e/ou continúan a ser executadas eficazmente. Polo que se refire ao Criterio 3. SGC, no ano 2017 aprobouse o primeiro Plan estratéxico para a Facultade de Dereito (2017/2020) e na actualidade acaba de constituírse o Grupo de traballo para a adaptación do centro á nova documentación do SGC aprobado pola USC en 2018. En relación co Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento, o Comité Consultivo (constituído o 14 de setembro de 2016 e que opera sobre a base de dúas reunións presenciais por curso), facilita manter o contacto cos empregadores para recoller as demandas do mercado laboral (neste Comité incorporouse o novo Decano do Colexio de Avogados de Santiago, Francisco Rabuñal Mosquera); tamén se está executando un estudo sobre a ordenación temporal das materias a través dunha Comisión de estudo (creada por acordo da Comisión permanente do 20 de febreiro de 2018). O bo funcionamento do SGIC acredita a existencia do compromiso do centro pola calidade e coa mellora continua da titulación.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co Sistema marco de Garantía da Calidade, o sistema debería ser revisado e actualizado polo menos cada tres anos ou sempre que se produzan cambios na organización e/ou actividades do Centro, nas normas que lle afecten, ou como consecuencia de resultados de avaliacións ou revisións do SGIC.

No ano 2018 aprobouse unha reforma do sistema da USC que entrou en vigor en 2019 e que requiriu unha nova adaptación do SGIC do centro. A cociente da reforma non foi outra que a revisión e simplificación documental, determinando a supresión do Manual extenso, así como a supresión de procesos e procedementos obsoletos (os documentos atópanse nesta ligazón: <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html>).

O 11 de marzo de 2019 constituíuse un Grupo de traballo no centro para a adaptación as novas esixencias do SGC da USC. Tal e como se reflectiu no apartado anterior, o bo funcionamento do SGIC deriva en plans de mellora cuxas accións conseguen un altísimo nivel de eficacia. O labor da Comisión de Docencia e Calidade do centro neste sentido é encomiable, cunha alta periodicidade nas súas reunións. Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, membros do comité consultivo, etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese. Unha boa mostra constitúea a Consulta sobre as accións de mellora que se fai ao Comité consultivo anualmente desde a súa constitución.

As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade no centro que procura a mellora continua da titulación do Grao en Dereito (e por conexión, tamén do dobre itinerario con Relacións laborais e Recursos Humanos). Preténdese que a Facultade de Dereito da USC sexa un referente tanto no SUG como no conxunto do sistema universitario español.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A maioría dos docentes do Máster son Doutores en Dereito ou Ciencias Económicas da USC cunha ampla experiencia docente e investigadora que avala perfectamente a consecución dos obxectivos propios do título avalada polo número de quinquenios e sexenios obtidos polo profesorado.

Para a impartición do Máster na súa nova modalidade virtual, como sinalamos xa, o cadro de persoal docente recibiu cursos de capacitación e reciclaxe no uso de plataformas virtuais para impartir e avaliar esta modalidade docencia.

Como se indicou anteriormente, a implantación da modalidade virtual da docencia no curso 2017/2018, obrigou non só a adaptar o desenvolvemento das materias e a metodoloxía á súa nova contorna virtual, senón tamén aos docentes para formarse no manexo desta nova plataforma e nas técnicas e métodos de formación a distancia.

Para garantir a adecuada adaptación do persoal a esta nova modalidade de ensino o coordinador solicitou a colaboración do Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe da USC (CETA) para a organización e impartición dende o ano 2017 dos correspondentes cursos de formación docente. Tales cursos, como o de “ Xestión e Uso didáctico do Campus Virtual para a formación en liña (iniciación)”, a “Plataforma eHabilis. Nivel 2” e “ Introducción á plataforma eHabilis”, foron publicitados coa debida antelación e cursados pola totalidade dos docentes implicados.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC dispón de servizos centralizados de Xestión Académica, en cuxa estrutura se enmarca a Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, que coordina a xestión de toda a actividade administrativa derivada da xestión académica, económica e recursos humanos do Centro e presta apoio ás autoridades académicas na planificación e programación docente.

Nela enmárcanse os servizos administrativos e de xestión propios da Facultade de Dereito, que serían os que prestarían o servizo correspondente no Máster.

Por outra banda, debe facerse referencia aos técnicos de sistemas informáticos e bolseiros aula informática. A Rede de Aulas de Informática (RAI) da USC presta un gran apoio técnico informático nos diversos centros da Universidade, entre eles a Facultade de Dereito. Desta forma, facilítase o acceso dos alumnos ás diversas aulas de informática e a utilización dos seus equipos e servizos. Nos devanditas labores son especialmente importantes os Bolseiros de Aulas Informáticas, que permiten atender as incidencias das aulas en todo momento do horario de apertura.

Cóntase así mesmo co persoal da Biblioteca de Ciencias Xurídicas e Sociais “Concepción Arenal”, situada nun edificio propio á beira do centro. O espazo distribúese en 6 pisos configurados en dúas áreas diferenciadas nas que o piso 0 de acceso actúa como elemento separador entre ambas: unha dirixida aos alumnos, con 900 postos de lectura, e outra de investigación para a consulta do fondo especializado con 78 postos. Conta ademais con 9 terminais para acceso ao catálogo automatizado, lectores de microformas, fotocopiadoras, e ordenadores para acceso a Internet e ás bases de datos.

Nas salas de lectura e na hemeroteca poden consultarse todos os libros e revistas da Biblioteca. Existe persoal que proporciona información e asistencia sobre a localización dos fondos e o manexo do catálogo automatizado. A Biblioteca permanece aberta en horario ininterrompido, e en período de exames con horario especial

Desde o cambio de modalidade de docencia á modalidade virtual todo o referente ao soporte técnico relacionado coa Plataforma de ensino virtual corresponde ao Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CETA). Así o CETA, que depende do Vicerreitorado de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, encárgase de coordinar o funcionamento e aparencia do Campus Virtual da USC, asumindo a administración e xestión deste, cumprindo deste xeito co obxectivo de desenvolver e aplicar as novas tecnoloxías da información e a comunicación á docencia universitaria.

As funcións do CETA son:

1. Coordinar os recursos e a oferta no campo da formación online da USC. Para cumprir con este obxectivo elabora, entre outros, directrices e protocolos de colaboración e seguimento da oferta dos distintos axentes da USC con implicación e actividade na docencia en liña.
2. Proporcionar apoio técnico e pedagóxico para a creación e materiais docentes en soporte multimedia, así como para a integración e bo uso das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
3. Crear guías técnicas e prácticas para a elaboración de materiais e uso das TIC, proporcionar servizos de formación e asesoramento no devandito ámbito, fomentar a elaboración de materiais por parte dos docentes e elaborar materiais e proxectos propios e/ou en colaboración con terceiros.
4. Fomentar o uso e as boas prácticas das TIC na actividade docente da USC.
5. Desenvolver proxectos e prestar servizos externos no campo da súa actividade.
6. Impulsar e xestionar o Campus Virtual da USC

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tradicionalmente o Máster en Fiscalidade Internacional e Comunitaria impartíase na Facultade de Dereito, que conta con aulas suficientes para o desenvolvemento das actividades académicas vinculadas ao mesmo. Na Facultade existen tres Aulas de Informática con computadores de libre acceso, que están abertas durante 9 horas ao día, para cuxa atención existe un bolseiro encargado. Á parte do uso deste espazo, a Facultade dispón dunha rede WI FI que permite aos estudantes conectarse a través dun computador portátil desde calquera parte da mesma. A iso habería que engadir unha Sala de Lectura con 220 postos, que se destina ao estudo individual dos alumnos. O seu horario de apertura coincide co da Facultade.

Tanto os accesos á Facultade como ás Aulas e outros espazos áchanse adaptados para o acceso de persoas con algunha discapacidade.

Ademais, na Biblioteca Universitaria Concepción Arenal, aberta desde xaneiro de 2003, os alumnos teñen libre acceso aos fondos bibliográficos de Dereito, Ciencias Políticas e Relacións Laborais. Trátase dun edificio moderno de seis plantas situado en fronte da Facultade –e por tanto facilmente accesible desde esta- con salas de lectura espazosas e debidamente acondicionadas con 956 postos. Estas salas están repartidas en tres plantas no subsolo do edificio, o que non impide que poidan dispoñer de luz natural. A zona das plantas inferiores está destinada ao estudo dos alumnos e nela dispoñen da bibliografía básica recomendada e de uso máis frecuente. Os dous pisos superiores destínanse

especificamente a investigación, dispoñendo de 74 postos para a consulta do fondo especializado.

A Biblioteca conta con 7 terminais para o acceso ao catálogo automatizado, lectores de microfichas, fotocopiadoras e ordenadores para acceso a internet e ás bases de datos en CD- ROM. A Biblioteca proporciona información e asistencia sobre organización e localización dos fondos, manexo do catálogo automatizado, utilización e consulta das bases de datos e outras fontes de información. Ademais, organiza cursos de formación de usuarios, tanto no manexo de bases de datos especializadas como cursos de carácter xeral. Todas as coleccións da Biblioteca son de libre acceso e consulta e comprenden máis de 120.000 volumes de monografías e 1.180 títulos de revistas en curso (no seu maior parte de Dereito).

As condicións e o tempo de préstamo son os seguintes: a) os fondos máis antigos son de consulta obrigada na Biblioteca e b) o resto dos fondos o profesorado e os alumnos de terceiro ciclo poden dispoñer de 10 obras durante dous meses. A páxina web da biblioteca permite a consulta do catálogo ou das bases de datos en rede ás que está subscrita a USC ou o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, a reserva e petición de libros, a renovación de préstamos ou a solicitude de préstamo interuniversitario ou intercentros dentro da USC.

En relación cos recursos da Biblioteca de especial utilidade para os alumnos do Máster, debe subliñarse a subscrición ás bases de datos xurídicas máis importantes DIALNET, IUSTEL, A LEI, TIRANT EN LIÑA e ARANZADI, así como a revistas e libros electrónicos, que permiten o acceso a distancia do alumno a materiais xurisprudenciais e bibliográficos imprescindibles para a súa formación, así como para a elaboración dos seus Traballos Fin de Máster.

Aínda que dende o curso 2019/2020 o Master impártese a través do Campus Virtual da USC, ata o curso 2018/2019, para a impartición da docencia virtual do Máster, a USC adquiriu unha plataforma específica para a formación en liña, a plataforma eHabilis, que se configuraba como unha canle de formación, comunicación e colaboración. A través desta plataforma de docencia virtual o alumno podía contactar co persoal docente, recibir clases e titorías en liña, utilizar os materiais formativos, participar en foros de debate, consultar as actividades e tarefas a realizar, xestionar a súa documentación e relacionarse cos seus compañeiros. Entre os seus recursos, contaba cun sistema de videoconferencias que permite asistir a clases en directo ou consultar en diferido as gravacións das mesmas. As incidencias relacionadas co funcionamento desta plataforma foron resoltas nun tempo razoable polo servizo técnico do CETA (Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe) así como polo propio servizo técnico da plataforma dispoñible para docentes e alumnos na dirección de correo ehabilis@usc.es.

Como apoio para a elaboración dos materiais docentes, concretamente das gravacións das clases, o CETA adquiriu un equipo para a gravación e edición das clases (Estudio virtual con croma) que os profesores poden utilizar desde xaneiro de 2018.

En definitiva, os recursos dos que dispón o título para a formación a distancia facilitan, por unha banda, a avaliación continua por parte do profesorado, mentres que por outro permiten estimular o autoaprendizaxe por parte do alumnado, pois pode participar nas aulas a calquera hora do día, á vez que se facilita a colaboración e debate entre os alumnos, o que estimula o intercambio de opinións e redonda por tanto na formación do estudantado.

A orientación académica e profesional dos estudantes realízase a través das figuras do titor e do Coordinador. Así, no primeiro cuadrimestre do curso académico procédese por parte da Comisión Académica do Máster á asignación de titores aos alumnos (entre os profesores do Máster), á vista das preferencias manifestadas por estes sobre as áreas temáticas nas que desexan desenvolver a súa TFM (prezos de transferencia, BEPS, compensación transfronteiriza de perdas, CDIs, etc). A partir dese momento o seguimento e orientación dos estudantes corresponde ao titor. Con anterioridade a este nomeamento, para garantir o seguimento do estudante desde o inicio das actividades docentes, a orientación corresponde ao Coordinador do Máster que se ocupa tamén ao longo do curso da atención ao estudante, de resolver as incidencias que poidan ir xurdindo e de informalos de prazos, datas, etc.

Para estes efectos, a aula de coordinación dispón dun taboleiro de anuncios onde se publica e actualiza a información relevante sobre o Máster, unha caixa de correos de correo para a comunicación con alumnos e docentes, así como para a posta en coñecemento do coordinador de posibles incidencias relativas á docencia ou de carácter técnico, foros onde establecer unha canle de contidos e feed back cos alumnos para coñecer a marcha da docencia, instrucións de carácter técnico, etc. O seu mantemento e actualización corre a cargo do coordinador e nesta aula están inscritos tanto docentes como alumnos. A aula de coordinación revelou de vital importancia nos primeiros momentos de implementación da docencia virtual, pois como calquera ferramenta que entra en funcionamento por primeira vez, a plataforma eHabilis ocasionou a alumnos e docentes algúns problemas iniciais que foron postos en coñecemento do CETA e do vicerreitorado competente para a súa pronta solución. A estes efectos, esta ferramenta axuda dunha maneira decisiva á coordinación a coñecer e resolver posibles incidencias relativas á docencia ou de carácter técnico.

Durante o curso 2018/2019 en cumprimento dunha das accións de mellora propostas adquiríronse novos equipos de videoconferencia para o seu uso por parte dos docentes do Máster.

Por último, para acceder aos recursos dixitais da Biblioteca Concepción Arenal ponse ao dispor dos alumnos do Máster o Servidor PROXY. Este servizo permite aos matriculados acceder ás bases de datos e recursos en liña da Biblioteca da USC desde calquera lugar con só configurar os seus navegadores; de maneira que non resulta necesario atoparse dentro da rede da Universidade. As indicacións para configurar correctamente o seu navegador son publicitadas aos alumnos a través do campus virtual (concretamente na aula Coordinación) que os redirixe a través da seguinte ligazón: http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/atic/sistemas/descargas/proxy_autenticado_manual_IE.pdf

Aínda que se consideran suficientes, compre seguir mellorando no apartado de recursos materiais do Máster pois no curso 2018/2019, primeiro e último no que dispoñemos de datos neste apartado, o grao de satisfacción dos egresados cos servizos dispoñibles é dun 3 sobre 5; o que contrasta co grao de satisfacción coa docencia recibida que se sitúa nun 4,99 sobre 5.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación permite garantir a consecución polo alumno das competencias necesarias para a obtención do título, aínda que, a partir do curso 2017/2018 (curso no que se implanta a docencia integramente a distancia), a avaliación ten lugar a través da combinación dos distintos ítems desenvolvidos polo alumno no campus virtual (test e casos prácticos de avaliación, que supoñerán un 15% da nota final cada un; a participación no debate, que implicará outro 20% da nota final; e a elaboración dun traballo de avaliación, cuxa valoración supoñerá o 50% da nota final, do cal o 30% corresponderase co manexo das fontes e valoración dos aspectos formais e o 70% cos contidos desenvolvidos polo alumno).

Para a obtención do título é necesario, ademais de superar as materias, realizar un Traballo Fin de Máster, que é obxecto da súa exposición e defensa pública (defensa pública que na actualidade realízase a través de videoconferencia), ante un Tribunal examinador integrado por tres membros do PDI da titulación, sen que poida o titor do traballo formar parte deste tribunal. Este órgano, non estará vinculado polo informe preceptivo do titor, deliberará e outorgará a cualificación de acordo cunha escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa: Non Presentado (NP); 0 - 4,9: Suspenso (SS); 5,0 - 6,9: Aprobado (AP); 7,0 - 8,9: Notable (NT); e 9,0 - 10: Sobresaliente (SB).A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. Esta mención só poderá outorgarse unha vez finalizadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico (no caso de que se constituía un tribunal único para todas as convocatorias, será leste o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. No caso de que non se chegue a un acordo, a atribución desta cualificación corresponderalle á Comisión Académica, oídas as propostas dos diferentes tribunais).

No tocante aos resultados do curso 2019/2020, a taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios no que se matricularon) ascendeu notablemente dun 31,76% no curso 2018/2019 ata un 63,29% no curso 2019/2020, rompendo así a súa tendencia á baixa, aínda que segue por baixo da media da USC (89%). Tamén ascenderon con respecto ao curso anterior a taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) ata un 95,96% , así como a taxa de avaliación (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados), ata un 63,87%, aproximándose así a niveis de edicións anteriores a transformación en virtual da docencia. Sen embargo, a taxa de gradación do Máster (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico adicional e o seu cohorte de ingreso) segue a ser moi baixa, situándose nun modesto 31, 25% (superior ao 26,67% no curso 2018/2019) pero lonxe da media da USC que se atopa no 85,12%. Pola súa banda a taxa de abandono no curso obxecto do informe é do 62,50% (moi por encima da media da USC que é do 6,27%).

As accións de mellora propostas no curso 2018/2019 de realizar novos cursos de formación do profesorado tendentes a

conseguir unha maior fidelización e compromiso dos alumnos que repercute nunha maior implicación na conclusión do Máster e o adianto na asignación do tutor para o seguimento dende o primeiro cuatrimestre do progreso do alumno, parecen comezar a dar resultados no curso 2019/2020.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de variación da matrícula de novo ingreso continúa coa súa tendencia á alza desde o cambio á modalidade de docencia virtual, aínda que no curso 2019/2020 experimentou un lixeiro descenso con respecto ao curso 2018/2019 (variación de -18,75%).

Con todo, dende a impartición da modalidade de docencia virtual o número de materias ás que os alumnos se presentan descendeu e, en lóxica coherencia, o número de Traballos Fin de Máster defendidos con éxito con respecto ao total de alumnos matriculados, proba de que esta modalidade de docencia ten maiores taxas de abandono debido a que o alumnado compaxina o estudo do Máster co desempeño doutra actividade (formativa ou profesional) á vez que, ao non existir tampouco obrigación de acudir presencialmente ás aulas, crece o número de alumnos que (por motivos laborais ou doutra orde) deixan de seguir con regularidade ás materias no tempo para o que están programadas e despois non consigan acabar a tempo as actividades de avaliación.

Así, no tocante aos resultados do curso 2019/2020, a taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios no que se matricularon) ascendeu notablemente dun 31,76% no curso 2018/2019 ata un 63,29% no curso 2019/2020, rompendo así a súa tendencia á baixa, aínda que segue por baixo da media da USC (89%). Tamén ascenderon con respecto ao curso anterior a taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron) ata un 95,96% , así como a taxa de avaliación (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados), ata un 63,87%, aproximándose así a niveis de edicións anteriores a transformación en virtual da docencia. Sen embargo, a taxa de gradación do Máster (relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico adicional e o seu cohorte de ingreso) segue a ser moi baixa, situándose nun modesto 31,25% (superior ao 26,67% no curso 2018/2019) pero lonxe da media da USC que se atopa no 85,12%. Pola súa banda a taxa de abandono no curso obxecto do informe é do 62,50% (moi por encima da media da USC que é do 6,27%).

Comeza a observarse, pois, o resultado positivo das accións de mellora propostas no curso 2018/2019 de realizar novos cursos de formación do profesorado tendentes a conseguir unha maior fidelización e compromiso dos alumnos que repercuta nunha maior implicación na conclusión do Máster e o adianto na asignación do tutor para o seguimento dende o primeiro cuatrimestre do progreso do alumno.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como ven sendo habitual na titulación, o grao de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida é moi alto, situándose nun 4.39 sobre 5 no curso 2019/2020. De igual maneira o grao de satisfacción do persoal docente coa docencia impartida sitúase nun 4.40. Con tales indicadores non se considera necesario introducir melloras no plano de estudos.

No 2018/2019, primeiro e último curso no que dispoñemos de datos neste apartado, o grao de satisfacción dos egresados cos servizos dispoñibles é dun 2,21 sobre 5; apartado no que compre mellorar.

Hai que matizar, con todo, que a participación nas enquisas de satisfacción é un aspecto para mellorar, pois no caso dos alumnos sitúase no 11,76%; porcentaxe moi baixa (superior ao 5% do curso 2018/2019) a pesar da difusión que das enquisas se fai entre os matriculados. Convén, por tanto, seguir apostando pola máxima difusión entre os seus destinatarios das enquisas e da súa importancia para fomentar a participación de ambos os colectivos nas enquisas de satisfacción coa titulación.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Carecemos de datos sobre a evolución dos citados indicadores desde o 2015, aínda que, dado o perfil de ingreso orientado cara a profesionais que desexan actualizar os seus coñecementos, especializarse ou ascender na súa contorna laboral, moitos dos alumnos que o cursan xa se atopan traballando por conta allea ou propia. Ao mesmo tempo, a aqueles alumnos recentemente licenciados ou graduados a conclusión do Máster dótaos dun perfil profesional altamente especializado dirixido á súa contratación en despachos profesionais (Deloitte, Stellvest, etc.) ou ao exercicio como profesionais autónomos no ámbito da avogacía ou a asesoría fiscal.

3.MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u>			
Criterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E 1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E 2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E 3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E 4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	https://www.usc.es/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-fiscalidade-internacional https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudio=17135&codEstudio=16445&valor=9
1,3	E 5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF

1	E 6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E 8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	4311763_P.Ind_2019-2020
			4311763_INF.16_2019-2020
			4311763_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	4311763_I2_2019-2020
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas	4311763_P.Ind_2019-2020
			5025_INF.03_2019-2020

		de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	
2	E 9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	https://www.usc.es/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-fiscalidade-internacional https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudio=17135&codEstudio=16445&valor=9 https://www.usc.es/gl/estudios/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-fiscalidade-internacional
3	E 10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/sgic.html
3	E 11	Evidencias da implantación dos procedimient os do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Des eño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e	https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/sgic.html

		mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E 1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/sgic.html
3,7	E 1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	4311763_P.Ind_2019-2020
			4311763_INF.04_2019-2020
			5025_INF.05_2019-2020
			4311763_INF.06_2019-2020
			4311763_INF.07_2019-2020
			4311763_INF.08_2019-2020
			4311763_INF.09_2019-2020
			5025_INF.10_2019-2020
			5025_INF.11_2019-2020
			4311763_INF.13_2019-2020
			4311763_INF.14_2019-2020
			5025_INF.21_2019-2020
			4311763_INF.22_2019-2020
			4311763_INF.23_2019-2020
4311763_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	15	Resultados dos indicadores	4311763_P.Ind_2019-2020
			4311763_Informe_de_indicadores_2019-2020

		que integran o SGC	
4	E 1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	4311763_E15_2019-2020
4	E 1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5025_E16_2019-2020
4	E 1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5025_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en	5025_I6-I7_2019-2020

		actividades formativas específicas	
4	18	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	4311763_INF.13_2019-2020
			4311763_INF.14_2019-2020
4	110	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5025_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/infraestruturas.html
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	https://www.usc.gal/gl/centros/dereito/titulacions.html?plan=17134&estudio=17135&codEstudio=16445&valor=9
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	
5	I11	Distribución alumnado	Non

		por centros de prácticas	
5	E 2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E 2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
6	E 2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	4311763_INF.15_2019-2020
6	E 2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E 3 0	Informe/docu mento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I1 2	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e	4311763_P.Ind_2019-2020
			4311763_INF.17_2019-2020
			4311763_INF.18_2019-2020
			4311763_INF.19_2019-2020

		<p>avaliación facilitaranse tamen por materia):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación 	<p>4311763_INF_SIIU_2019-2020</p> <p>4311763_Informe_de_indicadores_2019-2020</p>
7	I13	<p>Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso</p>	<p>4311763_P.Ind_2019-2020</p> <p>4311763_INF.CiUG_2019-2020</p> <p>4311763_Informe_de_indicadores_2019-2020</p>
7	I14	<p>Resultados de inserción laboral</p>	<p>4311763_EIL-SIIU_2019-2020</p> <p>4311763_EIL-ACSUG_2019-2020</p>
1,4,5	I15	<p>Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p>	<p>4311763_P.Ind_2019-2020</p> <p>4311763_Informe_de_indicadores_2019-2020</p> <p>4311763_MedUSC_2019-2020</p>

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-1 (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Falta de presentación do alumnado a avaliación das materias nas que se atopa matriculado
Definición/ descrición proposta	Organizar xunto co CETA cursos de formación dos docentes sobre o uso de ferramentas do espazo de formación virtual que fomenten unha maior participación do alumno e un mellor seguimento do seu progreso.
Datas	Finalización: 21/12/2020; Inicio: 07/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	José Manuel Iglesias Casais
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Organización dun curso sobre habilidades pedagóxicas on line
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Organización dun curso sobre recursos de docencia virtual
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa

Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Organización dun curso de refresco sobre o uso das ferramentas docentes do campus virtual da USC.
Data prevista de finalización	21/12/2020
Responsable	José Manuel Iglesias Casais
Estado	Activa

